

Recomendación á consellería de Economía, Industria e Innovación de resolver á maior brevidade posible o expediente de reclamación patrimonial iniciado no ano 2018

Expediente: : L.4.Q/5092/23

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2023

Sr. Vicepresidente primeiro e conselleiro :

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI XXX.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que presentaba a queixa por:

“(..) por falta de RESOLUCION EXPRESA por parte de A LA XUNTA DE GALICIA, CONSELLERIA DE ECONOMIA EMPRESA E INNOVACION SECRETARIA XERAL TECNICA de la RRPP XXX, pese a haber sido formulada la reclamación patrimonial el día 7 de Noviembre de 2.018; admitida a trámite el 8-07-2.021 y haberle recordado su obligación de resolver expresamente por escrito de fecha 21 de Octubre de 2.022, enviado el día 24 del mismo mes, sin que hasta el día de la fecha y pese a que han transcurrido más de CUATRO años desde la formulación de la reclamación y más de cinco meses, desde que se le reitero su obligación de resolver, lo haya hecho (..)”

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu co seguinte contido:

I.- Con data do 8 de xullo de 2021, o secretario xeral técnico desta consellería ditou acto de admisión a trámite da “reclamación de responsabilidad patrimonial, presentada por don XXX, por daños y pérdidas derivados de un funcionamiento anormal de la Administración Pública en la tramitación de la solicitud de pase a concesión del permiso de investigación “XXX” (diversas fracciones) situadas en los términos municipales de Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras (Ourense). (Expediente: XXX).”.

II.- De conformidade co dito acto, o órgano instrutor do expediente é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

III.- Unha vez que o dito centro directivo remita a esta Secretaría Xeral Técnica a proposta de resolución do procedemento en cuestión, á vista do importe reclamado (58.770,55 euros), o expediente remitirase ao Consello Consultivo de Galicia, co obxecto de que formule o preceptivo ditame, exixido polo artigo 12 j da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

IV.- De conformidade co previsto no artigo 24 da citada lei, o referido órgano consultivo emitirá o correspondente ditame no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de recepción da solicitude.

Polo demais, o órgano instrutor do procedemento (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) é perfectamente coñecedor da queixa formulada ante o Valedor do Pobo, así como da necesidade de resolver, sen máis demora, unha reclamación de responsabilidade patrimonial presentada no ano 2018 (7 de novembro de 2018).

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. A queixa trae causa do retraso na resolución dunha reclamación patrimonial presentada polo interesado diante desa Consellería no ano 2018, reclamación que foi admitida a trámite, segundo figura no propio informe da administración, o día 8 de xullo de 2021. Segundo se expón no escrito de queixa, o interesado solicitou a resolución expresa da reclamación con data de 24 de outubro de 2022 sen obter resposta.

SEGUNDO. A responsabilidade de carácter patrimonial por parte da Administración Pública é a obriga que ten de responder ou de reparar un dano causado a un suxeito ou conxunto de persoas por culpa do mal funcionamento delas mesmas e que afecta ás persoas, aos seus dereitos ou aos seus patrimonios. En todo caso, é imprescindible que exista unha actuación imputable a unha Administración Pública.

No artigo 106.2 da Constitución conságrase a nivel constitucional o réxime de responsabilidade patrimonial obxectiva da Administración polo funcionamento dos servizos públicos. Dispón o artigo 106.2 que os particulares, nos termos establecidos pola Lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento

dos servizos públicos. Esta previsión constitucional atópase actualmente desenvolta nos artigos 32 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regulación aplicable a todas as Administracións Públicas, cando dispón que:

“1. Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo con a Lei (..).

2. En todo caso, o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas. (..)”

No relativo ao procedemento administrativo que regula a reclamación patrimonial, o artigo 67 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, dispón que:

“1. Os interesados só poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial, cando non prescribise o seu dereito para reclamar. O dereito para reclamar prescribirá ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. (..)”

Pola súa banda, o artigo 81 da mesma norma sinala:

“1. No caso dos procedementos de responsabilidade patrimonial será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder de dez días o prazo da súa emisión.

2. Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica, así como naqueles casos que dispoña a Lei Orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, será preceptivo solicitar ditame do Consello de Estado ou, no seu caso, do órgano consultivo da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, o órgano instrutor, no prazo de dez días a contar desde a finalización do trámite de audiencia, remitirá ao órgano competente para solicitar o ditame unha proposta de resolución, que se axustará ao previsto no artigo 91, ou, no seu caso, a proposta de acordo polo que se podería terminar convencionalmente o procedemento.

O ditame emitirase no prazo de dous meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida e, no seu caso, sobre a valoración do dano causado e a contía e modo da indemnización de acordo con os criterios establecidos nesta Lei. (..)”

No presente caso, segundo se indica por parte da propia Consellería, admitiuse a trámite a reclamación, solicitouse informe do servizo e, ao tratarse dunha solicitude de reclamación patrimonial que excede os 50 mil euros, é preceptivo o informe do Consello Consultivo.

TERCEIRO. O artigo 91 da Lei 39/2015 dispón, no que atinxe á resolución dos expedientes de reclamación patrimonial:

“(..) 2. Ademais do previsto no artigo 88, nos casos de procedementos de responsabilidade patrimonial, será necesario que a resolución se pronuncie sobre a existencia ou non da relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida e, no seu caso, sobre a valoración do dano causado, a contía e o modo da indemnización, cando cumpra, de acordo con os criterios que para calculala e abonala establécense no artigo 34 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. Transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e notifíquese resolución expresa ou, no seu caso, formalizouse o acordo, poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular.”

Os termos e os prazos previstos nas leis son preceptivos tanto para o cidadán como para a Administración pública, de conformidade co que dispón o artigo 29 da citada Lei. A maiores, cómpre lembrar que o artigo 21 da mesma norma dispón que a administración está obrigada a “ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos” sexa cal sexa o modo de iniciación. Non debemos esquecer que o silencio administrativo non constitúe unha actuación lexítima da Administración senón unha fictio iuris para dotar de seguridade xurídica ao administrado ante a non resposta da primeira.

No presente caso a reclamación interpúxose no ano 2018 e admitiuse a trámite no 2021 e no seu informe a propia consellería sinala “a necesidade de resolver sen máis demora” dita reclamación.

O noso sistema administrativo constitúese sobre a base do principio de legalidade e eficacia entre outros, constitucionalmente consagrado no artigo 103.1 da Constitución Española. As administracións públicas teñen como obxectivo a satisfacción das necesidades da poboación con criterios de universalidade, e para iso requírese unha administración dinámica, participativa, eficaz e eficiente. Isto resulta de especial importancia en casos como este onde

o obxecto do expediente administrativo é a responsabilidade patrimonial da administración, coa consecuente repercusión económica directa.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

Resolver á maior brevidade posible o expediente de reclamación patrimonial iniciado trala solicitude presentada polo interesado no ano 2018 e a admisión a trámite do mesmo no ano 2021.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo